

Meteoroloxía na clase de Lingua Galega.



ÍNDICE

1. Comezamos o ano.
2. Golpe de vento.
3. Faga sol ou choiva.
4. O curso chegou.
5. Como cada ano.
6. Milleiros de casas fixemos!
7. Xa rematou o curso.
8. O curso xa vai rematar.
9. Chova, trone ou neve.
10. Pasou o tempo, remata o ano.
11. Todos os días traballando.

Introdución

Outro ano máis e imos seguir coa nosa teima...

Que.... cal é?

Pois a nosa IV entrega de “Soles, Nubes e Poemas”.

Por cuarta vez, dirixímonos a vós, queridos lectores, para pedirvos que o leades con tenrura, compaixón, risas e corazón!!!!

Estes poemas están feitos polos rapaces e rapazas da ESO para pórllle a guinda ó noso proxecto de **Ventares e Zoares o tempo en Valadares, Pinga 5.0**”.

Esperamos que vos guste e que vos riades tanto como o fixemos todos nós!!!!

Comezamos o ano
con moita enerxía,
con moito traballo
e moita alegría.

A temperatura
temos que medir
todos os días
sen desistir.

A chuvia recollemos,
a chuvia medimos,
a chuvia anotamos
a chuvia sentimos.

A humidade do ambiente
está moi quente,
e de repente
o ánimo crece.

Un experto veu ensinarnos
como facer o noso traballo
nós escoitamos
e agradecemoslle o agasallo!

Un iglú construímos
feito de xeo, que frío!
rimos coma críos
e que orgullosos nos sentimos!

Como é o noso último curso
ao resto lles desexamos
moita sorte co traballo
xa que llelo pasamos!

David, Saray, Noa, Damián.

Golpe de vento
que só dura un momento!
un atallo
para o bo tempo,
Corre!
pero sen medo,
Refacho caído do ceo!

Refacho, Pingas e Neboeiro
fenómenos do mes de febreiro
dan alegría ao mundo enteiro!

Dende o monte galiñeiro
cheo de castiñeiros
subido dende un bo bidueiro
vese o Neboeiro
de xaneiro!

Caen as Pingas
no tempo das piñas
como en aquelas chamaradas
arrebataadas, despedidas
esquecidas, saen cinzas!

Refacho, pingas e Neboeiro
fenómenos do mes de febreiro
dan ledicia ao mundo enteiro!

Alba, Antía, Sabela, Nadia, Alberto e Laura.

Faga sol ou choiva
nós sempre baixamos
a medir meteoescolas!

Cando baixamos
e nos mollamos
medimos o tempo
queiramos ou non queiramos.

Cando nos toca escoitar
ou nos toca falar
facémolo sen protestar.

Xa estamos rematando
porque o verán está chegando.
O sol está quentando
e imos a Praia vagueando.

Nós na Praia vagueando
pasando un bo rato
mentres outros están estudando...!

Diana, Miriam, Marcos, Gabriel, Diego.

O curso chegou
e Meteoescolas comezou,
as estacións foron pasando
e as alegrías foron chegando!

Micro relatos con moitos garabatos
concursos de todos os cursos
e poemas de moitos temas.

Moita música e diversión
alégranos o corazón;
todos xuntos xogando
e tamén bailando.

A temperatura iamos tomando
e en parellas iamos baixando,
o curso vai rematando e
este curso vai marchando.

Laura, Irene, Antía.

Como cada ano
Meteoescolas finalizou
e un gran traballo
xa se re rematou.

Capturamos as nubes
cada mes,
ao longo do curso
fixémolo ben.

Co termómetro,
medimos a temperatura
pero non fixo
a calor de Honduras!

Pasando frío
un iglú montamos
e con moito agarimo
coidámolo.

Alba Troncoso, Anxo Míguez, Ainoa Álvarez, Gabriel Romero.

¡PINGAS...!

Xa rematou o curso
milleiros de cousas fixemos!
Baixamos a ver a temperatura
e case nos perdemos!

Concursos de fotografía realizamos
para ver o ben que o pasamos
escribindo os micro relatos
pasamos un bo rato.

Amosáronnos instrumentos de meteoroloxía
que non os coñecía nin a miña tía!
Un iglú e unha jaima deseñamos
e na entrada do colexio a amosamos!

Tamén a música participou neste proxecto
engadindo ritmo aos poemas
imaxes do tempo recortamos
nun calendario pegamos.

Noa Fernández, Eva Ribeiro. Helena Fernández.

Xa rematou o curso
o verán xa está preto
a ver se gañamos o concurso
e gañamos un premio!

Mais o premio non é o que importa
senón as actividades propostas
que fixemos en Meteoescolas!

Todos os días observabamos o tempo,
ademais da temperatura
baixabamos no recreo
e traballabamos con moita dozura.

Aprendemos sobre o pluviómetro
e escribimos sobre os maíos
e miramos un termómetro!

Aos arcos da vella sacámoslles fotos
en inglés escribimos relatos
e de tarta comeremos pratos.!

Sabela, Antón, Manuel

O curso xa vai rematar
e o verán xa vexo chegar!
O frío estase a alonxar
e a calor comeza a asomar!

Todos os días
o termómetro vía,
tiñamos que baixar
para a temperatura anotar!

Un experto veu a amosar
algúns instrumentos cos que traballar:
pluviómetro, anemómetro
que máis han utilizar?

Algúns climogramas que debuxar
para o clima poder pescudar,
temperatura, precipitacións
e moita máis información!

Andrea, Ariadna e Ethan.

Chova, trone ou neve
imos ver a temperatura
todos os días, semanas e meses
mirámola con tenrura.

Vermello cartafol
cheo de información!
saber se chove ou vai sol
esa é a nosa misión!

Chega o verán
e as temperaturas subirán,
dous compañeiros baixarán
e a información recollerán.

Todos felices,
todos contentos,
todos os días
mirando o tempo!.

Thiago, Christian e Inés.

Pasou o tempo, remata o ano
pasou o tempo, tras moito traballo
é o momento, dun gran descanso
é o momento, do noso agasallo.

Moito traballo deunos levantar
e ás nove da mañá
en Meteoescolas traballar!

Medir a temperatura
chega a ser una loucura
e medir o vento
un pouco truculento!

Non só a temperatura,
tamén houbo un iglú
feito de xeo nunha moldura.

Pasou o tempo, houbo moita diversión,
pasou o tempo e una charla chegou
é o momento de traballar na lección
é o momento, isto non acabou.

Aarón, Ainhoa, Ana e Borja.

Un novo ano, comezamos
MeteoGalicia, aquí estamos!
todos xuntos traballamos
e en equipo loitamos.

O tempo chegou,
imos facer as medicións,
con choiva, vento e sol,
queremos a primeira posición.

O ceo é a nosa inspiración
cheo de sentimentos e emoción,
risas e sensacións,
deixamos correr a nosa imaxinación.

Coa choiva de fondo versamos,
nin a tromba é capaz de pararnos,
coas estrofas e as pingas xogamos
e a melodía do vento acompañanos.

Nerea, Andrea e Candela.


Todos os días traballando
e a temperatura anotando
e se non para de chover
nós baixamos a correr!

Frío facía!
moito chovía!
a neve rematou
e o inverno marchou!

Moitas charlas escoitamos
e bastante máis lembramos
utilizamos e tocamos
inventos un tanto raros!

Encher os paneis
cos datos do día
isto é mellor
do que parecía!

Atenea, Paula e Uxía.



CPR PLURILINGÜE BARREIRO
2018-2019